

INFORME DO SERVIZO DE DEPORTES

Expediente: 2025/D002/000016

BASES DE ORGANIZACIÓN DA "XI CARREIRA POPULAR "CONCELLO DE RIANXO".**Artigo 1.**

O Concello de Rianxo e o Club Atletismo Rianxo organizan a XI Carreira Popular Concello de Rianxo, o 1 de novembro de 2025. A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e nos seguintes circuítos, rexidos polas seus respectivos regulamentos, que complementan ao presente:

- XI Circuíto Provincial de Carreiras Populares, promovido pola Deputación da Coruña.
- VIII Circuíto Carreiras Populares Barbanza Arousa 2025, promovido e organizado polos Concellos que forman parte da Mancomunidade Barbanza Arousa: Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Artigo 2.

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 3. Categorías

- | | |
|------------------|---|
| 1. Xoubas H/M: | 2020-2021-2022. 3 saídas, agrupadas por ano de nacemento. |
| 2. Sardiñas H/M: | 2018-2019. |
| 3. Sub 10 H/M | 2016-2017. |
| 4. Sub 12 H/M | 2014-2015. |
| 5. Sub 14 H/M | 2012-2013. |
| 6. Sub 16 H/M | 2010-2011. |
| 7. Sub 18 H/M | 2008-2009. |
| 8. Sub 20 H/M | 2006-2007. |
| 9. Sub 23 H/M | 2003-2004-2005. |
| 10. Sénior H/M | de 2002 ata 1991. |

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 662.863 exp. 2024/D002/000019

11. Máster 1 H/M de 1990 ata 1985.
12. Máster 2 H/M de 1984 a 1975.
13. Máster 3 H/M de 1974 a 1965.
14. Máster 4 H/M 1964 e anteriores.
15. "Sapatilla" inclusiva. Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional.

Artigo 4. Lugar de saída e percorrido

Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 4 percorridos, aos que se darán as voltas indicadas na táboa de distancias.

- Percorrido amarelo: 100 m.
- Percorrido verde: 500 m.
- Percorrido azul: 750 m.
- Percorrido vermello: 3.333 m.

Artigo 5. Distancias e horarios

Categoría	Distancia	Horario	Percorrido	Nº voltas
Xoubas	100 m.	10:45 h.	Amarelo - 100 m.	1
Sardiñas	500 m.	11:00 h.	Verde - 500 m.	1
Sub 10	1.000 m.	11:10 h.	Verde - 500 m.	2
Sub 12	1.500 m.	11:25 h.	Azul - 750 m.	2
Sub 14	2.250 m.	11:40 h.	Azul - 750 m.	3
Sub 16 e "Sapatilla inclusiva"	6.600 m.	12:00 h.	Vermello -3.333 m.	2
Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior e Máster	10.000 m.		Vermello -3.333 m.	3

Artigo 6. Inscripcións

Lugar e prazo:

En emesports.es ata o martes 28 de outubro de 2025 ás 23:59 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Prezo inscrición:

Os prezos de inscrición aprobaranse na Xunta de Goberno Local do Concello de Rianxo.

- Gratuíto para as categorías de xoubas a sub 16 e “sapatilla inclusiva”.
- 6 € nas categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior e Máster.

Límite prazas: Haberá un límite de 500 inscritos na proba absoluta (de Sub 18 a Máster).

Artigo 7. Chips, cronometraxe e retirada de dorsais.

Retirada de dorsais:

- Venres, 31 de outubro, na oficina do servizo de deportes, de 8:30 a 14:30 h.
- O mesmo día da proba nas seguintes localizacións:

Praza Castelao: a partires das 9 h. e ata o inicio de cada proba.

Os participantes no Circuito de Carreiras Barbanza Arousa 2025, terán que recoller un dorsal novo de competición en cada proba, incluída esta, co cal terán que competir. Deberán dirixirse á zona de retirada de dorsais para recoller o dorsal e o agasallo de participación.

Cronometraxe e control por chip:

Agás os participantes nas categorías xoubas e sardiñas, os demais participantes estarán controlados a través dun chip integrado no dorsal.

Artigo 8. Premios

O acto da entrega dos premios comezará unha vez que o/a último/a participante na proba dos 10.000 metros cruce a liña de meta, sempre despois da entrega á organización dos resultados polos xuices da proba, do Comité de xuices da Federación Galega de Atletismo.

A clasificación, premios e trofeos do circuito regúlanse nos artigos 5 e 7 do Regulamento do VIII Circuito de Carreiras Populares Barbanza Arousa.

Na XI Carreira Popular “Concello de Rianxo” outorgaranse os seguintes:

Medallas

Medallas para todos os participantes (ata fin de existencias) nas categorías Xoubas, Sardiñas, Sub 10, 12, 14 e 16.

Trofeos

Trofeo para os tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba absoluta, tanto en categoría feminina coma masculina.

Trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina establecida no presente regulamento

Trofeo “Xosé Neira Hermida” ao primeiro e primeira corredor/a local.

Trofeo ao club con mais participantes na proba.

Os premios serán acumulativos.

Premios Económicos

Premio para os tres primeiros/as corredores/as en cruzar a liña de meta na proba absoluta, tanto categoría feminina coma masculina, cos seguintes premios:

- 1º/1ª - 150 € 2º/2ª - 100 € 3º/3ª - 50 €.

Agasallos

Os participantes nas categorías “sapatilla inclusiva”, Sub 18, Sub 20, Sub 23, sénior e máster recibirán un agasallo técnico.

Artigo 9. Participación de atletas de outras federacións autonómicas e estranxeiros.

A proba está incluída no calendario autonómico da Federación Galega de Atletismo, co cal a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas rexerase polo disposto no regulamento de competicións da Real Federación Española de Atletismo, que se pode consultar na seguinte ligazón:

<https://atletismo.gal/documentos/regulamentos/>

Artigo 10. Servizos

Servizo de gardarroupa

Pavillón Municipal J.M. Abuín “Chema” de Rianxo.

Vestiaros e Duchas

Pavillón Municipal J.M. Abuín “Chema” de Rianxo (homes) e Piscina Municipal (mulleres).

Aparcadoiros:

Aparcadoiro Público Municipal (gratuíto), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

Publicación Resultados:

- emesports.es
- carreirasgalegas.com
- concelloderianxo.gal

Artigo 11. Outras consideracións

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

En caso de cancelación do evento por causas alleas a organización, non se devolverá o importe da inscrición.

Artigo 12. Comunicación e publicidade

Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios, sede electrónica, na páxina web municipal, en emesports.es e na web da Federación Galega de Atletismo.

Artigo 13. Aviso Legal

As persoas deportistas aceptan, ao realizar a inscrición, a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), informamos de que os datos persoais e enderezo de correo electrónico da persoa interesada serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Rianxo por un interese lexítimo e para a organización do presente evento deportivo. Os datos non serán comunicados a terceiros, agás obriga legal, e coa excepción da Federación Galega de Atletismo, Mancomunidade Barbanza-Arousa e Deputación da Coruña, participantes na organización e tramitadoras, entre outros, dos seguros e clasificacións. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Rianxo, Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo,

correo electrónico dpd@concelloderianxo.gal, ou mediante o procedemento habilitado para o efecto da Sede Electrónica: sede.concelloderianxo.gal. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación perante a autoridade de control en www.aepd.es. Datos de contacto do delegado de protección de datos: Ramón Santos Pérez, dpd@concelloderianxo.gal